



Entrevista a
Ex Alcaldesa de Salceda
Páxina VI

Aprobado o cambio nas
normas subsidiarias
da Devesa
Páxina VII

Xornadas sobre
patrimonio no Rosal
Páxina XIII



O Centro Mestre Clara Torres de Tui recibe o Premio Escola do Ano

Páxina VIII



IMPULSAMOS A ECONOMÍA CREAMOS EMPREGO

2018-2021

45

novas
empresas

1.014

novos postos
de traballo



► Impulsamos o crecemento económico e social,
inclusivo e sostible das **705 empresas** instaladas nos
nosos **Parques Empresariais**, onde traballan 1 de
cada 4 persoas da área de Vigo.



OPINIÓN

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

A decisión de Yolanda

O clima político a nivel estatal xa comeza a "quentar motores" de cara ao horizonte electoral 2023. Son cada vez máis prolíficas as enquisas preliminares publicadas con saciedade nos medios e que van pulsando a atmósfera política. Toda vez, neste mesmo horizonte electoral comezan a definirse algúns rostros con perfil de candidaturas.

Este contexto coincidiu en setembro e outubro cos diversos congresos e convencións dos principais partidos con representación parlamentaria, neste caso o PSOE, PP, VOX e PODEMOS. Na beira socialista, o "abrazo" entre Zapatero e Felipe González entroniza ao presidente de goberno Pedro Sánchez como o indiscutible líder. Para os "populares", o pulso entre o seu líder Pablo Casado e Isabel Díaz Ayuso semella parcialmente superado a favor do primeiro, aínda que no ambiente planea con incerteza cal será a estratexia de Ayuso. En VOX non hai cor: manda Santiago Abascal. En PODEMOS impera a incerteza. Pero unha figura asoma con forza no

panorama político español: a ministra de Traballo e segunda vicepresidenta Yolanda Díaz. E isto ten incidencia dentro do goberno de coalición PSOE-PODEMOS. Os medios especulan diariamente coa "guerra interna" na Moncloa que enfrontaría ás dúas "galegas" con máis poder en Madrid, sendo estas Yolanda Díaz e a vicepresidenta primeira e ministra de Economía, a socialista Nadia Calviño.

Non obstante, o crecente protagonismo político e mediático de Yolanda Díaz da a entender que manexa unha axenda política propia. Entre setembro e outubro, o diario alemán Der Freitag adicou sendos análises á actualidade política española. E fíxoo en clave feminina, concentrándose en enfocar en dúas figuras: Yolanda Díaz e Isabel Díaz Ayuso.

Dúas personalidades diametralmente opostas nas súas orientacións políticas: mentres Díaz, comunista declarada que loubaba ao "comunismo" a través dun prefacio nunha nova edición española do Manifesto Comunista, Díaz Ayuso facía

precisamente da "loita contra o comunismo" unha especie de leitmotiv político en ámbolos dous lados do Atlántico, tomando en conta a súa recente (e gris) xira por EEUU onde non dubidou en cualificar ao indixenismo como o "novo comunismo".

Por tanto, en Alemaña especulan cunha audaz viraxe na política española en clave feminina de cara ao horizonte electoral 2023, con Díaz no centro de atención á



espera das estratexias de Ayuso. O diario Der Freitag felicitaba a Díaz polo seu traballo "sereno e construtivo", toda vez advertía do aumento da dereita nas preferencias electorais en España e dos "coqueteos de Ayuso co fascismo".

En perspectiva electoral, Yolanda Díaz sube enteiramente e podería gañar máis posi-

bilidades políticas en clave electoral se finalmente vai adiante a súa aposta pola de-

rogación da actual reforma laboral. A "estrela" de Díaz brilla na medida en que mantén unha enérxica posición cara a patronal co respecto ao aumento do salario mínimo, e de cara ás multinacionais enerxéticas polo prezo da luz. Sen a estela de Pablo Iglesias, Yolanda Díaz afirmase agora como a figura política central dunha nova esquerda en ascenso.

Teremos "candidata Díaz" para 2023, se non hai adiamento electoral? Os pasos da ministra de Traballo e as cábalas preelectorais definirían esa posibilidade. Logrará Díaz reconstruír á esquerda española, independente da "marca PODEMOS"? Existen algunhas sinais sobre ese eventual obxectivo. Por outra banda, saltará Díaz Ayuso tamén a este ruído electoral? Aparentemente non, pero tampouco é descartable.

En todo caso, poderíamos estar asistindo a un horizonte electoral 2023 cun cariz cada vez máis feminino. En Alemaña, cando menos, así o teñen visto.



Xosé González Martínez. Directivo da AFNLG

Restaurando a memoria lingüística

Un ano máis a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia (AFNLG) convoca por estas datas o Mes da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia. A este chamamento vánse sumando progresivamente concellos e asociacións de todo tipo, aínda que non na medida desexada; pero a constancia da pedagóxica convocatoria non ha tardar en dar seus froitos.

Os actos programados consisten na colocación de placas nas entradas dos cemiterios cun texto que di: "Na memoria de todas as persoas que xacen aquí, porque grazas a elas Galicia segue a ter cultura e lingua de seu", e a substitución de lápidas en castelán por outras máis concordantes coa cultura que profesaron os defuntos, contando cos praces familiares. Lembremos algunhas. A de Juan Ferreiro Ferreiro, "o gaiteiro de Laroá" soterrado no seu cemiterio parroquial. Un acto de gratísima emotividade que impresionou ao xentío que acudiu aquel día ao camposanto. Outro, de singular natureza, foi o celebrado no cemiterio do concello de Mondariz-Balneario. O alcalde, José Antonio Lorenzo, atendendo ás suxestións da AFNLG remudou

as lápidas de Enrique Peinador Vela e Enrique Peinador Lines, escritas en castelán por outras en galego, facendo xustiza á memoria galeguista de ambos os dous empresarios, pai e fillo, filántropos e mecenas da cultura galega.



Incluímos tamén a sinatura da "Acta de Vontades", documento que aqueles que os rubrican lles encomendan aos seus herdeiros preservar a súa memoria en lingua galega. O libro publicado co título "En galego, agora e sempre" que se poden consultar en www.galeguizargalicia.gal,

recollen moitas desas mandas testamentarias.

Don Álvaro Cunqueiro escribiu en vida o texto para a súa lápida. Quen non escoitou a recorrencia de moitos oradores dicir "eu quero, como quixo Álvaro Cunqueiro, mil primaveras máis para a lingua galega"? A cita descontextualizada da frase é un acto de filibusteirismo, porque boa parte dos que a repiten non son consuetos con ela no ámbito familiar.

Ao fío do dito véñenme á memoria algúns casos protagonizados por persoas de significada adscripción política que dirixen os servizos de normalización do uso do galego en moitos concellos rexeitando a nosa proposta considerándoa "tétrica" (!). Non se comprenden estas afirmacións se temos en conta que as visitas aos cemiterios son algo tan natural como tradicional na nosa sociedade. Os mesmos que descalifican a galeguización dos cemiterios, sen embargo, acuden as celebracións de actos singulares no Panteón de Galegos Ilustres onde están soterrados Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Ramón Cabanillas, Castelao e Francisco Asorey, con cadansúa lápida en galego.

Ramón Cabanillas escribiu: "«Xuremos!/ Dereito ou torto,/ sin máis alcuño ni achego,/ doente ou san, vivo ou morto,/ gallego... ¡soio gallego!»". Rosalía de

Castro tamén falou dos mortos: "Dos vivos amigos sodes/ mortos que ali tes descanso/e nin os nenos vos temen/nin a ningún causás espanto". Castelao no "Alba de Gloria": "Eiquí comeza a decaer a categoría do fúnebre cortexo, como decae Galiza ao trocarse en pobo vencido e subordinado". Estas referencias literarias denuncian a indixencia intelectual de moitas persoas que dirixen servizos de normalización do uso do galego e representantes políticos que deberían ter máis sensibilidade antes de facer alusións despectivas a unha proposta que pretende protexer a lingua galega como ben cultural que nos define como pobo.

Dun tempo para acó algúns concellos convocan visitas guiadas a cemiterios singulares, mesmo en horas nocturnas, e, porén, a ninguén se lle ocorre calificar tales actividades culturais de "tétricas ou necrófilas". Non estaría de máis que os deseñadores desas visitas guiadas aproveitasen esas ocasións para faceren pedagogía galeguizadora. Velaí porque son necesarias as convocatorias que desde a AFNLG pretenden reivindicar a restauración da memoria lingüística.



Fito Álvarez Tombo

Palestinos e saharauís, dous pobos baixo ocupación

Os conflitos saharauí e palestino son dous conflitos con orixe nunha ocupación ilegal, vítimas do colonialismo sionista e marroquí. Unha ocupación militar en clara violación do Dereito Internacional e en contra dos pronunciamentos das Nacións Unidas.


Son dúas causas con denominadores comúns como son a represión, a ocupación, o colonialismo e cunha importante poboación exiliada vivindo en calidade de refuxiados en países veciños, como tamén nos territorios ocupados, onde padecen restricións civís e políticas.

En ambos os casos a Potencia ocupante estendeu a súa xurisdición, administración e lexislación a territorios anexados ilegalmente, practicando unha política de inserir colonos nos territorios ocupados, en clara vulneración do art. 49 do IV Convenio de Xenebra que sinala que "A Potencia ocupante non poderá proceder á evacuación ou transferencia de parte da súa propia poboación civil ao territorio por ela ocupado".

Tanto Israel como Marrocos, como potencias ocupantes, son culpables da comisión de graves violacións ao dereito Internacional Humanitario e do Dereito Internacional nos territorios ocupados coa práctica dunha política de represión perante calquera manifestación ou mostra de rexeitamento contra a ocupación dos seus territorios con torturas e malos tratos físicos, en aberta contradición ao Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos e os art. 31 e 32 da IV Convención de Xenebra, detención de persoas sen acusación formal por períodos superiores aos establecidos no art. 78 da Convención de Xenebra, condicións denigrantes de detención (art. 81,85, 89 e 135 da IV Convención), interferencias á liberdade de prensa e prácticas que vulneran o acceso á información e o impedimento por parte de forzas de ocupación do acceso a manifes-

tantes feridos a recibir atención médica adecuadas (art. 55 da IV Convención), entre outras.

A pesar de ser dous conflitos con



grandes similitudes atopámonos, tamén, que son dous conflitos con grandes diferenzas.

Unha das maiores diferenzas pódese atopar no seguimento mediático de ambas as causas co seu correspondente coñecemento destas por parte da poboación a nivel mundial. En Palestina e Israel miles de xornalistas, locais e internacionais, ofrécennos ao minuto informacións sobre o conflito. Sobre os territorios ocupados do Sahara Occidental ningún medio pode ter acceso aos mesmos sen o permiso da potencia ocupante, o que conleva que a información sempre é sesgada e controlada polo ocupante marroquí, e os medios locais teñen que traballar na clandestinidade con escaseza tanto de medios técnicos como humanos e coa constante ameaza de ser detidos e encarcerados.

No que se refire ao número de habitantes tamén nos atopamos aquí cunha importante diferenza. Segundo a axencia de Nacións Unidas para os refuxiados de Palestina

(UNRWA), hai 5,1 millóns de refuxiados palestinos, que supoñen unha terceira parte de todos os refuxiados do mundo. Con respecto aos saharauís as asociacións de axuda internacional estiman que a poboación refuxiada saharauí suma ao redor de 200.000 persoas e fontes da Fronte Polisario calculan que a poboación en territorios ocupados rolda os 750.000. Os refuxiados palestinos distribúense numerosos campos de refuxiados anexionados ás cidades palestinas onde realizan o seu traballo in situ numerosas organizacións internacionais contando mesmo con colexios das Nacións Unidas. Pola súa parte os refuxiados saharauís distribúense en cinco campamentos situados todos eles en Tinduf, Alxeria, desde hai máis de 40 anos, onde a idea sobre as precarias condicións de vida dun refuxiado cobra aquí a súa máxima expresión vivindo case exclusivamente da axuda internacional, na súa maioría proveniente de Alxeria, aínda que tamén de Europa, Cuba e Venezuela, a educa-

ción e a sanidade foron levantadas polas mulleres saharauís mentres os homes loitaban na guerra contra o ocupante marroquí.

Outro dos factores diferenciais dos dous casos é que o 31 de outubro de 2011,

Palestina foi elixida membro número 195 da UNESCO, admitíndoo como membro de pleno dereito e o 29 de novembro, Palestina, por medio da Resolución 67/19 da Asemblea Xeral, pasa a ser considerar como «estado».

O traballo diplomático de ambos conseguiu que un importante número de países recoñezan ao Sahara Occidental e Palestina como estados.

En ambos os conflitos os cárceres están cheas de presos políticos. A asociación palestina Addameer asegura que hai 7.000 prisioneiros políticos en cárceres israelís, case 500 deles con cadea perpetua. Nos cárceres marroquíns hai decenas de presos políticos saharauís sometidos ás torturas máis vexatorias e a asociación saharauí Afapredesa estima en 400 os desaparecidos, de quen non se sabe o seu paradiro: "pode ser un cárcere ou pode ser un foxo baixo terra".

Que Israel e Marrocos cesen nas súas agresións ao pobo palestino e saharauí depende de que perdan o apoio económico e político dos seus padriños occidentais.



Humor

MARTIRENA



FUCO PRADO



OPINIÓN

Por Manuel Estévez

Diz, poeta, músico, pintor

Érguese cedo, o artista é madrugador. Acostuma a tomar o pequeno almorzo no Cafe Bagatela, perto do seu estudio nunha buhardilla da Rúa Areal, mesmo altura da Paellera, o último refuxio de Diz, despois de ser pasto das chamuscas o anterior, ubicado na Finca de Matías en O Calvario.

Durante a súa longa traxectoria, estivo instalado en diferentes do territorio vigués, dunha punta e outra da Ría, rúas Escuelas Nieto, López de Neira, Urzaiz, Pizarro, Don Bosco, Camelias, Alcabre, Teis, sen esquecer a época dourada en San Adrian de Cobres ou mesmo en Pontevedra, desde onde partía cada noite para perderse cos amigos en espazos de ocio e tertulia.

Co inesquecible Andrés do Barro no Topaz, Rafael Amor no Rincón dos Artistas ou deslocalicións ao Charango, para a conversa con Pablo Milanés, Joaquín Sabina ou aqueles que xa non están, Luis Eduardo Aute, Javier Krahe, tamén o amigo e irmán, Suso Vahamonde.

A él sendo aínda un neno convidábano a repicar as campás na "bene vivere", na terra olívica de fartura, 137 canizos, alí onde os pais rexentaban unha panadería, para logo estudar piano e tocar outros instrumentos que garda no seu espazo, ateigado de numerosos cadros, onde non hai lugar para máis.

As armonicas ocupan pouco, un instrumento que o acompaña sempre, durante as andainas por aquí e alen Miño, outra das aficións, inclusive polos Camiños que chegan a Porta Santa, dos que conta con



moitos certificados por haber alcanzado a Berenguela.

Por volta do xantar, diríxese ata a terraza do Novo Derby e compartillar mesa e mantel cos amigos, no corazón da cidade, ese espazo culinario rexentado por Eusebio Prado, aqueloutro emprendedor chantadino que chegara a Vigo desde Outeiro de Mariz, eido onde tivera a ilusión noutro de tocar o saxo ou trompeta, seguindo a estela musical do seu avó e bisavó, fundadores da Banda de Musica de Chantada, soño non feito realidade, decatándose pola hostalaría, a veces ataviado cun

mantel estampado con notas do pentagrama, non descoidando cadros as cepas situadas nos socos da Ribeira Sacra, abeirando o Miño, mesmo polo Camiño de Inverno o seu paso por Belesar, caldos que tamén cantou o poeta-pintor

Eusebio leva de nome Prado Fontao de apelidos de vocación hostalería entre os fogons e as viñas

bate o mención entre Muras nos bancales de Belesar onde maduran a uvas antes de vendimar.

Fontao é a súa marquiña como fonte de viño que mana do fruto máxico da viña na Ribeira de Chantada.

Nace o mención de autor no idílico paraxe nace como un señor no espléndido paisaxe.

Un retrato do restaurador, ataviado coa capa da Irmandade dos Viños Galegos, asinado por Diz, preside a sala de Xantar do Novo Derby, onde se poden ollar outras obras saídas do mesmo taller, cadros propiedade de Eusebio Prado, admirador da plástica diziana, pintor chegado a este mundo en San Sebastian hai 90 anos, un día 4 de febreiro e rexistrado en Creciente no 9 do mesmo mes, fillo de Octavia Vázquez e Secundino Diz Prieto, o pai panadeiro, oriundo das terras do Paradanta ou de Covelo, concello que durante a

época do mandatario Pepe Costas, o artista, non só percorreu todas as freguesías para trasladalas as acuarelas, senón que lle encargaron a restauración das pinturas do retablo de ánimas policromado do cruceiro, obra do Mestre Cerviño o mesmo canteiro que tallou o de Hío.

Na tertulia, acompañado sempre de "un cubata" debuxa e conversa con uns e con outros, entre eles o editor Bieito Ledo, ourensán de Padroso en Xunqueira de Ambía, por onde transcurren os peregrinos, Vía da Prata e onde existe un -Querqus robura quen acaba de inmortalizar a través da súa impronta poética que titulou -O Carballo das apertas-

En Xunqueira de Ambía ergue altivo e frondoso arraigado na fragua o carballo do Frago

Xeneroso, oferta abrigo ao peregrino cansino prestando boa sombra ao pé do Camiño

apertas recibe o carballo do camiñante agradecido pra abrazar o Santiaguíño.

O carballo e meu, di Bieito tamén e ledos por ser voso o carballo e de todos os que pasan Padroso.

Sinte o vello carballo emocións que non delata por abrazos que lle dades na anerga Vía da Prata.

Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964

TANATORIO

Arbo

Ponteareas

“Pinchorriño 2021” comezará o venres 5 con 27 establecementos participantes

Alcaldesa Eva García presidiu a presentación de “O Pinchorriño”, a décimo quinta edición das xornadas de pinchos no Porriño que arrancarán o vindeiro venres día 5, coa participación de 27 establecementos.

“Haberá unha oferta de elaboracións moi variada e tamén haberá pinchos veganos”, explicou Noelia Conde, xerente da Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (Acipor), organizadora do evento.

Noelia Conde informou de que en todos os establecementos participantes haberá uns trípticos informativos a disposición do público coa relación de pinchos e locais. O folleto tamén contén unha parte do cupón para selo con cada consumición. Con catro selos noutros tantos estable-



mentos, o cupón cos datos persoais entrará no sorteo de catro vales de 100 euros cada un para consumir en comercios e hoteis locais.

Pola súa banda, José Manuel Fernández, presidente de “Ahos-

por” asegurou que “o regreso de Pinchorriño, como aconteceu coa recente edición da Festa dos Callos, supón a volta á normalidade despois de moito tempo. veces. difícil para este sector”.

0 mércores 3 comezan as obras de humanización da rúa Manuel Rodríguez

A Concellería de Infraestruturas que dirixe Pedro Pereira informa que as obras de humanización da rúa Manuel Rodríguez comezan este mércores 3 de novembro. O mercado ambulante será trasladado mentras duren as obras.

A AAVV de San Benito e San Sebastián foi informada do inicio das obras que teñen un prazo de execución de 4 meses. O mércores, o persoal da empresa adjudicataria, “Construcións Castro Figueiro” comezará co replanteo e inicio de traballos.

Este proxecto licitouse coa

concorrenza de media ducia de empresas que presentaron plicas. O orzamento de saída foi de 391.322,95 € amais do IVE do 21% correspondente. O financiamento é con cargo a unha subvención do Plan Concellos 2021 da Deputación Provincial.

O proxecto de humanización contempla unha actuación no tramo da rúa Manuel Rodríguez entre a confluencia coa rúa Xogo da Ola e a praza de San Sebastián.

As obras consistirán no levantamento do pavimento, tanto na calzada coma nas beirarrúas;

renovación das redes pluviais e fecais; renovación da rede de alumeadado público; renovación da rede de abastecemento; preinstalación para as telecomunicacións e a rede de baixa tensión; nova pavimentación en granito e mobiliario e renovación da zona de xardíns.

Para facilitar as obras o concello mudou a sinalización horizontal na rúa Xogo da Ola e no treito entre esta vía coa rúa Leandro Diz ate a intersección coa rúa Manuel Rodríguez. Tamén se modificaron as prazas de aparcamento.

BNG Mos solicita novas vivendas de protección pública

Ante as dificultades existentes en Mos polo elevado prezo das vivendas e a escaseza das mesmas, o BNG vai presentar, no próximo pleno, unha moción para instar á Xunta a construír un novo parque de vivendas de protección pública nas Pozas, en Petelos.

De acordo a Gustavo Barcia, voceiro municipal do BNG en Mos, a creación deste polígono residencial, xunto á inauguración da nova casa consistorial, “debería supoñer o primeiro paso para o desenvolvemento do novo centro

urbano previsto no PXOM de 2017”.

Dende os anos noventa, Mos non volveu recibir ningún investimento público en vivenda de protección oficial. En 2008, o Plan Sectorial Galego de Solo Residencial, presentado pola conselleira nacionalista Teresa Táboas, prevía a construción de 439 vivendas en Mos, das cales 361 serían protexidas, pero a chegada de Núñez Feixóo á Xunta de Galiza impediu sacar adiante aquel investimento, estimado en máis de 15 millóns de euros.

BNG trata coa veciñanza a futura Casa do Concello de Mos

O portavoz nacionalista Gustavo Barcia, abriu unha rolda de consultas co tecido asociativo mosense en todas as parroquias para tratar o tema da futura Casa do Concello de Mos anunciada pola alcaldesa Nidia Arévalo fai un ano e que, dende entón, non existe maior información.

Barcia expuxo a posición do

Concello Local, favorable á centralización de servizos municipais no futuro núcleo urbano das Pozas, e coñecer a opinión da veciñanza sobre este tema, da que obtivo un sólido respaldo. No relativo á Casa do Concello, Barcia adiantou as sospeitas de que “algo se anda a argallar” de costas á cidadanía ante a falla de transparencia do goberno do PP.

PP Porriño esixe ao Concello que reclame as débedas

O PP do Porriño esixiu nun pleno extraordinario que o Goberno local reclame a empresa Cota 7 servizos e inversións S.A, concesionaria desde 2004 do pátio da Avenida de Galicia os 40.000 € que debe do canon desde 2012, e o cobro dos alugueiros das canteiras do Porriño, nos que hai 1,2 millóns de

euros pendentes de abonar.

Unha situación que, segundo o voceiro local do PP, Alejandro Lorenzo “é totalmente grotesca e resulta inexplicable que o Concello de Porriño teña pendente de cobro máis de 1,2 millóns de euros e o Goberno local non reclame eses cartos para destinalos a servizos e melloras para os veciños”.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Entrevista de Guillermo Rodríguez

Loli Castiñeira | Ex Alcaldesa de Salceda de Caselas

"A miña maior satisfacción foi rematar o Centro de Saúde en medio da pandemia"

Loli Castiñeira (Movemento Salceda) foi a primeira muller alcaldesa na historia de Salceda de Caselas (2019-2021), dando paso en xuño pasado como nova alcaldesa a Verónica Tourón (PSdeG-PSOE) tras o pacto de tras-

paso de goberno na Corporación Municipal ata 2023. Castiñeira ten agora as responsabilidades de Tenencia de Alcaldía e as concellerías de Vías e Obras, Persoal, Igualdade e Coordinación de Proxectos.

Podemos falar neste caso da famosa "lúa de mel" dos "100 días"?

Non son precisos. Trátase da continuidade dun traballo feito en equipo. Independentemente de quen ocupe a presidencia tíñamos claro que é un proxecto a catro anos. Agora tócalle á compañeira Verónica Tourón. Nos primeiros dous anos tiveron o privilexio de ser a representante de Salceda de Caselas como Alcaldesa; polo tanto, eses cen días están ben para pór a proba a fluidez e a solvencia do equipo de goberno que segue funcionando unido como o primeiro día.

Vostede xa tiña experiencia de goberno. Iso, é de suponer, que lle facilitou as cousas cando foi alcaldesa, así como para axudar á nova alcaldesa.

Dicía antes que temos claro que este goberno funciona e vai seguir funcionando se temos esa concepción de equipo. Dende a Tenencia de Alcaldía a Alcaldesa sabe que conta co meu traballo e dos catro concelleiros e concelleiras de Movemento Salceda para que ese proxecto iniciado poida ter resultados positivos para a

veciñanza, que é o que importa.

Antes de ser Alcaldesa xa tiña experiencia dos oito anos en diferentes concellerías. Nesta nova etapa voume encargar daqueles proxectos iniciados na etapa anterior para que haxa unha continuidade. Evidentemente, estando "man con man" coa nova Alcaldesa

Qué quedou sen facer da súa xestión que agora tentarán rematar?

Seguro que os proxectos iniciados van ser rematados. Un deles é a senda peonil e ciclista que vai dende o centro da vila ata Parderrubias cunha inversión de case 900.000€. Cremos rematará este ano. Garantizará a seguridade viaria ofrecendo, ademais, unha serie de servizos como saneamento e mellora da traída de augas veciñais. O diálogo coa Xunta de Galicia para a ampliación do IES de Pedrarrubias para a implantación do bacharelato. Xa recibimos a boa noticia de que por fin vai adiante; será licitado a comezos de 2022. Este é un traballo conxunto da Corporación, do PP, PSOE, Movemento Salceda e dos colectivos sociais, dirección

do IES, ANPA, colectivo social SAPIS coa recollida de 5.000 firmas. O importante non é quen o comezou ou quen o remate senón que exista unión e que os proxectos se cumpran. Salceda ten garantida poboación escolar para moitos anos.

Cantos colexios hai en Salceda?

Temos dous, un de primaria e outro de secundaria e 300 alumnos. Por iso a necesidade desta ampliación. A plantilla de mestre/as é insuficiente, por iso acoden a outros Concellos para facer o bacharelato, o que non é normal.

Pero 300 alumnos non dan para un instituto.

Si, pero o problema é que se non xeramos os servizos, tampouco se completan. O mesmo pasa coa Galiña Azul. Se ano tras ano non nos conceden a construción desa segunda Galiña Azul, a lista da garda irá diminuindo porque, entre outras cousas, as familias precisan conciliar. E para iso é necesario xerar servizos para que non teñan que ir a Salvaterra ou Porriño.

Pasemos ao aspecto económico. O Concello, está saneado ou está empeñado, como din dende a Oposición?

Hai pouco tempo presentamos o resultado da conta xeral. As contas do Concello están moi ben. O ano pasado levamos os maiores orzamentos á aprobación plenaria. Consequimos incrementalos ata seis millóns de euros. Nestes momentos o endebedamento do Concello é do 5%. Só temos dous préstamos: un para pagar a expropiación do Parque Raíña Aragonta que ven dado por



unha sentenza xudicial; outro é o pago a provedores; a piques de cumprirse. O Concello ten capacidade para seguir endebándose. Pensamos pedir un préstamo para a compra e ampliación da Praza da Devesa, para construír a Casa da Mocidade. Ás veces hai que plantexar este tipo de compras a falta de Plan Xeral onde se poida construír.

O Plan Xeral está iniciado ou atascado?

O Plan Xeral presentouse no 2016 co goberno en minoría de Movemento Salceda e cos votos en contra da oposición (PP e PSOE) non se puido sacar adiante. Agora hai que facer unha nova adaptación á nova Lei do Solo. Salceda perdeu unha oportunidade de ouro. Agora traballamos cun retraso de vinte anos, talvez.

Entende que nestes momentos hai posibilidades de aprobalo?

Está claro que un Plan Xeral non é para unha lexislatura. É necesario que nesta lexislatura se comecen os traballos dun novo documento.

Nos mentideiros políticos dise que un plano de urbanismo é algo que non gusta aos alcaldes resolver porque, os propios alcaldes/as confesan que moitos votantes seus van saír prexudicados. Vostede qué opina?

Cando estás en política estás a traballar para a veciñanza. Os Planos Xerais son para dar unha serie de servizos, prestacións, ordear a poboación e garantir que se poidan evitar problemas como

a revisión do catastro.

Salceda ten suficiente número de vivendas baleiras para acoller familias?

Hai un déficit de pisos e vivendas no casco urbano, consecuencia de non ter un Plano de Urbanismo. Desde 2008 non se construíu un só edificio. A poboación de Salceda segue crescendo; iso demanda moitos máis servizos e necesidades a cubrir. Pero tamén se cumpriron outros proxectos. Por exemplo, rematei o novo Centro de Saúde e que chegou nunha época tan importante como a pandemia. Ter unhas instalacións como as que temos, así como chegou o quinto médico comprometido polo SERGAS, para mín é a obra máis importante durante na miña alcaldía.

Fan falla moitos servizos, dende a segunda Galiña Azul, o quinto pediatra para unha poboación que ten máis de 1.300 nenos, o tráfico pesado atravesando a nosa vila cando temos un proxecto de humanización de espazos e de rúas. Queda moito por facer pero temos a forza e estabilidade suficiente para levalo adiante.

Cando vemos "un casamento político" entre as forzas nacionalistas de Salceda?

Eu son unha persoa de mente aberta que non neguei nunca de onde veño, do BNG, e que por diferentes circunstancias comecei cun proxecto transversal como Movemento Salceda. Estou disposta ao diálogo, son unha persoa de equipo.



SALCEDA DE CASELAS

Salceda segue a mellorar a rede viaria do rural

O Concello de Salceda de Caselas ven de rematar as obras de mellora da estrada que une os barrios de Barreiro e Pomar de Suso, na parroquia de Santa María, coordinadas pola Concellaría de Vías e obras que dirixe a tenente de alcaldesa Loli Castiñeira. O proxecto conta cun orzamento de 45.112,43 €, dos cales 37.283 € son financiados polo Agader a través do Plan de Mellora de Camiños Municipais, e o resto con fondos propios do Concello.

Procedeuse ao asfaltado dos dous tramos da estrada que se

atopaban en peores condicións, e aproveitouse tamén para acondicionar a entrada ao Centro Cultural de Castro Barreiro, así como o acceso ao barrio da Retorta. Tamén durante as obras se solucionaron problemas de deterioro das tubaxes de regadío, e a traída de augas veciñal aproveitou para cambiar un treito da súa rede, aforrando deste xeito o custo que lles suporía a apertura e peche da estrada.

Este tipo de obras resultan fundamentais para o mantemento e mellora da rede de vias municipais, con especial atención ás

estradas do rural, indispensables para seguir a mellorar a calidade da vida das parroquias. Neste caso trátase dunha estrada moi empregada pola veciñanza dos barrios Barreiro e Feira, polo que o equipo de goberno considerou esta como unha boa proposta para incluír na subvención deste ano.

Loli Castiñeira, Concelleira de Vías e Obras: “defendemos o noso rural e centramos os nosos esforzos en ofrecerlles unhas infraestruturas e uns servizos completos que impulsen o asentamento de poboación nas nosas



parroquias. Por sorte en Salceda é moita a poboación moza que escolle o rural como lugar de residencia, e dende o Concello seguiremos a realizar os esforzos precisos para seguir con esta tendencia”.

Verónica Tourón, Alcaldesa de Salceda: “Coa ampliación, acondicionamento e conservación da rede de camiños municipais o goberno pretende seguir mellorando servizos fundamentais para a veciñanza do noso rural”.

Aprobado o cambio nas normas subsidiarias da Devesa

O Pleno do Concello de Salceda ven de aprobar en sesión ordinaria, a modificación das normas subsidiarias da parcela da Devesa, que pasará a ter uso dotacional público, o que permitirá ampliar a Praza da Devesa e construír a futura Casa da Mocidade.

A parcela, que actualmente ten un uso de aparcadoiro, conta cunha cualificación urbanizable. En outubro do 2020, o pleno municipal aprobou xa a suspensión das licenzas urbanísticas, que nunca se fixeran efectivas, dando así o primeiro paso para dotala de novos usos sociais.

Con esta modificación das Normas Subsidiarias do Planeamento



Municipal, o Concello de Salceda de Caselas contempla desenvolver unha nova praza, aledaña á actual Praza da Devesa, sumando así mil metros cadrados máis de espazo público para uso da veciñanza.

Esta modificación contempla ademais a posibilidade de urbanizar contra o actual edificio privado un novo equipamento público, onde se construír a futura Casa da Mocidade, unha vez se materialice a adquisición das parcelas, propiedade na actualidade da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, SAREB.

Con esta nova infraestrutura, o equipo de goberno da resposta ás necesidades actuais da mocidade dun espazo propio, onde poder realizar actividades, cursos, obradoiros e que se desenvolverá proximamente mediante un concurso de ideas, no que participará o tecido social do Concello.

O Concello súmase a iniciativa “Kilómetros de investigación”

O Concello de Salceda sumouse a iniciativa “Kilómetros de investigación”, unha ruta solidaria de apoio á investigación do Síndrome de Rett, un transtorno xenético neurolóxico pouco frecuente.

Esta iniciativa parte de 9 veciños do barrio da Feira, que se puxeron en contacto co Hospital Sant Joan de Déu en Barcelona, onde se investiga

sobre esta enfermidade, para que os autorizase a levar a cabo a iniciativa, e así recadar fondos para investigación do Síndrome de Rett.

Así, estes veciños de Salceda percorreron, entre o 25 e o 30 de outubro, preto de 1.500 quilómetros entre Galicia, Castela-León, Cantabria e Asturias, sendo máis de 25 horas de rodaxe para recadar en cada quilómetro o máximo posible para esta causa.

Salceda renova a iluminación con tecnoloxía LED

O Concello de Salceda de Caselas realizou o cambio de máis de 200 luminarias da vila por outras novas con tecnoloxía LED, o que suporá unha redución do consumo enerxético do 70% e a redución das emisións de CO2 á atmosfera.

A actuación, concedida en 2019, contou cun investimento total de preto de 100.000 euros, financiado nun 80% con fondos europeos a través do IDAE, sendo financiado o restante pola Deputación de Pontevedra e fondos propios.

Estas melloras forman parte tamén dos obxectivos do PACES



(Plan de Acción polo Clima e a Enerxía Sostible) aprobado polo Concello de Salceda en novembro de 2020, financiada con fondos FEDER.

Bonificación aos vehículos menos contaminantes

O Pleno da Corporación do Concello de Salceda de Caselas aprobou por unanimidade a modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica para incluír unha bonificación do 75% para os vehículos máis eficientes, os de cero emisións e os cualificados eco.

Esta bonificación do 75%, unha das medidas do Plan de

Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) aprobado no 2020, afectará durante toda a súa vida útil aos vehículos máis eficientes enerxética mente, os cualificados co distintivo ambiental cero emisións. Súmase á xa existente do 50% na cota do imposto para os vehículos cunha antigüidade mínima de 25 anos contados a partir da data de fabricación.

LOURINHA

TUI

Centro Mestre Clara Torres de Tui recibe o Premio Escola do Ano

Remitido

S S.MM. os Reis entregaron este 28 de outubro o Premio Escola do Ano 2020 ao CRA Mestra Clara Torres de Tui (Pontevedra). Este centro -que conta con cinco aulas en distintas parroquias de Tui: Areas, Pexegueiro, Baldráns, Ribadelouro, e Guillarei- foi distinguido por ser un exemplo de dinamización en contornas rurais, a través da participación e implicación das familias e dos membros da comunidade da que forma parte.

Tamén destaca polo seu compromiso con valores como a solidariedade, a sustentabilidade e a integración nas súas actividades formativas e pola súa capacidade de transformación educativa.

Os Reis coñeceron de primeira man o labor desta escola rural galega de educación infantil onde estudan máis de 50 alumnos. Acompañados da Ministra de Educación e Formación Profesional, Pilar Alegría, do Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, do Presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices, do Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e do Presidente da FPDGi, entre outras autoridades, e da man das dúas directoras do centro, Marta González e María Teresa Domínguez, visitaron en primeiro lugar a aula de Baldráns onde viron algúns dos proxectos nos que traballa o CRA e que foron motivo do premio.

É o caso do obradoiro de show cooking- a través do cal o alumnado coñece a alimentación de proximidade e adquire compe-



Os Reis posan cos alumnos, profesores e autoridades do Centro Clara Mestre de Tui.

tencias transversais - o sementeiro - que fomenta valores como o respecto e coidado da natureza - e os talleres de landras para facer fariña, ilustración e lectura con lingua de signos.

Na escola de Baldráns, S.S.MM. os Reyes tamén mantiveron un encontro cos mozos de "Xeración docentes", un programa da Fundación Princesa de Xirona que selecciona futuros docentes para que realicen as súas prácticas en escolas rurais de referencia. A visita continuou na aula de Pexegueiro onde o alumnado realizaba unha clase de ioga, talleres de construción de instrumentos con elementos de reciclaxe e robótica. Toda a xornada foi retransmitida en directo pola Radio Educativa do centro - hoxe co soporte da Radio Municipal de Tui -.

Tras a visita, realizouse o acto de entrega do galardón no que

se puido escoitar o testemuño de catro dos mozos de "Xeración docentes". Este diálogo sobre a importancia por construír unha educación que implique a toda a sociedade, e no que participaron Amanda Martínez, Lola Rubio, Miriam Tejada e Nicolás Vega,

foi presentado por Anxo Simón, responsable da área de Transformación Educativa do Padroado e presidente do grupo Agbar, e conducido por Felipe Campos (Premio FPDGi Social 2013).

No Auditorio de Pexegueiro e ante boa parte da comunidade



escolar do Clara Torres e da provincia, S.M. o Rey fixo entrega do galardón ao alumnado e ao equipo directivo - unha escultura deseñada polo artista plástico Juan Zamora (Premio FPDGi Artes e Letras 2017)- que representa un libro aberto, realizado en bronce con pátina de lousa.

Na súa intervención, S.M. o Rei destacou que "a escola rural proporciona un escenario magnífico para que a aprendizaxe sexa activo e significativo, fomentando a igualdade de oportunidades, unha participación aberta de toda a comunidade, e para que a innovación educativa sexa constante e determinante".

Nova convocatoria aberta

Nestes momentos segue aberta a convocatoria do Premio Escola do Ano para 2021. Con este galardón, a Fundación Princesa de Xirona detecta e pon en valor a centros educativos que aposten polo cambio, a innovación e o emprendemento. Ademais do CRA Mestra Clara Torres, xa foron recoñecidos o CEIP Andalucía de Fuengirola en 2019 e o SAFA Écija en 2020.

O premio ten o obxectivo de difundir a tarefa dos centros galardoados e fomentar a súa visibilidade para contribuír a convertelos en referentes da educación innovadora.

Para o Rei, "premiarvos a vós significa estender a outros centros as vosas ideas, as vosas metodoloxías, os vosos proxectos e o entusiasmo coas que as levades a cabo, para que os avances alcancen ás escolas de todo o país".



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



Novas visitas guiadas ao retablo da Batalla de Lepanto na igrexa de San Domingos

Forma parte do programa conmemorativo do 450 aniversario da batalla de Lepanto

O domingo 31 de outubro e o luns 1 de novembro tiveron lugar novas visitas guiadas ao retablo da Batalla de Lepanto na igrexa de San Domingos dentro do programa conmemorativo do 450 aniversario desta batalla naval.

A igrexa de San Domingos de Tui, declarada Monumento histórico artístico no ano 1931 (hoxe Ben de Interese Cultural) é un dos espazos patrimoniais de maior interese no conxunto histórico tudense.

Entre os múltiples elementos de valor artístico que atesoura

está o retablo de Nosa Señora do Rosario, popularmente coñecido como o retablo da "Batalla de Lepanto" por posuír unha representación deste acontecemento na parte superior do mesmo. Trátase dun retablo do século XVIII de grande interese e calidade.

O retablo tudense, promovido pola Confraría do Rosario, recolle na súa iconografía a Nosa Señora, ao seu esposo, San Xosé, e ao seu pai, San Xaquín. No mesmo están representadas as escenas dos quince misterios do rosario e coroando o retablo a espectacular representación desta batalla de Lepanto.

O programa conmemorativo continuará con dúas novas con-

ferencias. O mércores 3 de novembro ás 19.30 h será co tema "Política, devoción e iconografía bélica. O tema da Batalla de Lepanto no retablo do Rosario do convento de San Domingos de Tui" por Javier Gómez Darriba, profesor USC. E por último o martes 9 de novembro ás 19.30 h con "Os corsarios turco-berberiscos nas costas galegas e o seu remoto eco no retablo de Nosa Señora do Rosario de San Domingos de Tui" por Suso Vila, historiador.

Todas as actividades teñen lugar na propia igrexa de San Domingos, contando coa colaboración da Asociación de Amigos da Catedral de Tui.



Un concerto conmemora o 450º aniversario da Batalla de Lepanto

A igrexa de San Domingos acolleu este 28 de outubro o concerto "Oficio de Armas" da man do festival Vértice Sonora 2021, dentro das actividades conmemorativas do 450 aniversario da batalla de Lepanto organizadas polo Concello

de Tui.

O evento permitiu dar a coñecer e proxectar de cara ás vindeiras xeracións o fermoso retablo de A Nosa Señora do Rosario, magnífica táboa que acolle a igrexa monacal conventual de San Domingos.

O CDG iniciou en Tui a xira de "O charco de Ulises"

O Teatro Municipal de Tui acolleu o 5 de novembro o inicio da xira de "O charco de Ulises" do Centro Dramático Galego. Unha montaxe dirixida por Marián Bañobre e Santiago Cortegoso – autor do texto – que nos transporta da Ítaca do texto clásico de Homero á Galicia.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, a concelleira de Ensino e Cultura, Sonsoles Vicente, e o director do CDG, Fran Núñez, presentaron a obra e a xira que contará con vinte funcións entre o 5 de no-

vembro e o 12 de decembro.

Tras a representación en Tui "O charco de Ulises" viaxará por O Barco de Valdeorras, Celanova, Viana do Castelo, Barcelos, Ourense, Cangas, Oleiros, Verín, Monforte de Lemos, Vigo, Pontevedra, Cariño, Rianxo, Vilagarcía de Arousa, A Coruña, Lugo, Arteixo, Narón e Vilalba.

Cabaleiro, destacou que "o Centro Dramático Galego inicie a súa xira na nosa cidade con esta obra, 'O Charco de Ulises', reflicte a importancia que ten Tui para todos os actores culturais".

En "O charco de Ulises" o Centro Dramático Galego muda Ítaca e Troya, o contexto mediterráneo, por Galicia e Bos Aires, un contexto atlántico, falando da emigración.

En escena estarán dez actores e actrices, Óscar Allo, Miguel Borines, Mónica Camaño, Rosalía Castro, Raquel Espada, Manuel Millán, Fran Paredes, Chusa Pérez de Vallejo, Inés Salvado Gontad e Paulo Serantes, acompañados por Xosé Lois Romero que compuxo e executa a música.

Concerto solidario organizado por Protección Civil de Tui a favor de SOS Tomiño Baixo Miño

O Teatro Municipal de Tui acollerá o sábado, 4 de decembro, ás 18 h un concerto solidario a favor de SOS Tomiño - Baixo Miño organizado por Protección Civil de Tui coa colaboración do Concello de Tui. A entrada será 1 quilo de alimentos destinado á asociación asistencial que neste momento atende a 130 familias no Baixo Miño, das que 70 son de Tui.

No concerto van participar o grupo folclórico Xuntanza de

Randufe, a Banda de Gaitas San Xoán de Paramos, e a Banda de Gaitas Lembranzas da Terra de Guillearei. Para asistir ao concerto será preciso entregar un quilo de alimentos o mesmo día, non existindo reserva previa de entrada, e contando o evento co correspondente protocolo covid.

Enrique Cabaleiro, alcalde de Tui, trasladou o seu agradecemento á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil polo traballo que realizan ao longo do ano de forma voluntaria e altruista.

Óptica mahen
mahen Ópticos desde 1939

Nº Reg. Sanitario D-34-000636

PONTEAREAS
rúa san xosé camido, 4

CONFITERIA Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framboesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas 986 640 834

BAIXO MIÑO

A GUARDA

As confrarías de Redondela e A Guarda viaxan a Canarias co GALP para descubrir experiencias de turismo mariñeiro e pescaturismo

Esta semana, unha delegación de representantes do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) da Ría de Vigo-A Guarda viaxa ás Illas Canarias no marco do proxecto de cooperación Mar das Illas, impulsado xunto ao GALP Ría de Pontevedra e o GALP Ría de Arousa.

Esta é a terceira visita de estudo que realizan con esta iniciativa, tras desprazarse en anteriores ocasións ás Illas Baleares e Italia. Da man dos Grupos de Acción Costeira de Gran Canaria e Lanzarote, integrantes das xuntas directivas e persoal técnico dos tres grupos visitarán diversos proxectos de turismo mariñeiro e pescaturismo e coñecerán as par-



Delegacións galega e canaria.

ticularidades da actividade pesqueira en zonas protexidas. As confrarías da zona e os museos vencellados ao mar tamén serán parada obrigatoria.

"Canarias é un destino máis turístico e niso van un poucoño máis adiantados ca nós. Esta viaxe será de interese para ver

como artellan o pescaturismo en áreas protexidas, sempre é de utilidade recadar esta información", explica Juan Manuel Gregorio, presidente do GALP Ría de Vigo-A Guarda e patrón maior da Confraría de Pescadores San Cipriano de Aldán-Hío.

Presentación do libro "Tempo de Alfombras"

O día 5 presentouse no Centro Cultural o libro "Tempo de Alfombras", promovido dende a Asociación Cultural Alfombras da Guarda en colaboración co Concello, que outorgou unha subvención de 5.626,50€ a este colectivo para a

realización desta publicación.

O acto de presentación contará coa presenza do alcalde da Guarda, Antonio Lomba, a presidenta da Asociación Cultural Alfombras da Guarda, Mili Baz e será presentado por Hermelindo Martínez, contado cunha actuación musical.

Nas súas páxinas recóllese a historia deste colectivo, as súas vivencias e traballos realizados, nos que participa unha ampla representación da cidadanía guardesa, nunha actividade que atrae a numerosos visitantes no Día de Corpus Christi.

Samaín na Biblioteca Municipal

A Biblioteca Pública Municipal da Guarda engalanouse para as datas do Samaín, cunha serie de actividades para os nenos e nenas orientado a estimular e incentivar a lectura.

Entre as propostas destacan a iniciativa "Facemos un trato?",

de préstamos dun libro para todos aqueles nenos se acheguen á Biblioteca durante o venres 29 e sábado 30. Tamén o sábado 30 de outubro tivo lugar o espectáculo de Carmen Domech (Títeres Cachirulo) pensado para rapazas e rapaces de 4 a 11 anos.

A Omix oferta varios obradoiros para rematar o ano

A Omix da Guarda organiza diversos obradoiros nos que posibilita: artellar obxectos, traballar a creatividade e darlle segundos usos a obxectos. Desenvolverá tamén unha charla na que o xogo e o xoguete serán os protagonistas, nunhas datas nas que moitas familias planifican os agasallos de Nadal, tentando axudar nunha compra máis consciente e pedagóxica.



Programa

2 de decembro ás 18:30h – Obradoiro Nadal: Papiroflexia para celebracións

3 de decembro ás 19:30h – Charla Obradoiro: Xogando no Nadal, o xogo e o xoguete

10 de decembro ás 18:30h – Obradoiro: Reutilizando envases

17 de decembro ás 18:30h – Obradoiro: Reutilizando abalorios

Os obradoiros teñen prazas limitadas e as persoas interesadas deberán inscribirse na OMIX a través do mail informacion@aguarda.es ou no teléfono 986610000 ext. 7

Para a charla non será necesaria a inscrición previa.



A GUARDA

Comeza o Obradoiro de Emprego Dual no que se formarán 20 desempregados

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego e Igualdade, concedeu para o Concello da Guarda un novo obradoiro de emprego de formato dual, trátase do Obradoiro de Emprego Manuel B. Portela VII, orientado á atención sociosanitaria en institucións e á promoción turística local e información ao visitante.

Este novo obradoiro, que comezou esta semana, conta con 20 de participantes, dez en cada unha das modalidades.

Todas as persoas que participen no obradoiro beneficiaranse dunha formación específica durante os próximos nove meses, realizando ademais traballos e servizos de interese xeral e público a prol da sociedade incluídos



en cada proxecto, e ademais poderán optar a prácticas en empresas da contorna ao remate do obradoiro.

Trátase dun programa de formación moderno, dual, orientado a desempregados, para mellorar a súa empregabilidade, posibilidade de futuro e inserción

laboral, que ademais van recibir unha remuneración durante nove meses. Esta formación contribuirá tanto ao seu beneficio persoal, mellorando a súa capacitación, como ao da comunidade.

Esta acción formativa ten orzamento de 347.000 euros.

O alcalde da Guarda reúne coa Asociación de Parkinson Baixo Miño



Representantes da nova directiva da Asociación de Parkinson Baixo Miño mantiveron unha xuntanza co alcalde da Guarda, Antonio Lomba, para dar a coñecer os servizos que presta a asociación e solicitar a colaboración do concello da Guarda para difundir a súa labor na localidade.

A asociación, con sede en Tui, ten o seu ámbito de acción territorial en todo o Baixo Miño. As responsables da directiva trasladáronlle ao alcalde a conveniencia de que todas aquelas familias que poidan necesitar apoio saiban da existencia da asociación. Antonio Lomba comprometeuse a dar di-

fusión o seu labor, ofreceu os medios municipais para organizar unha xornada informativa e puxo en contacto ás representantes da directiva cos médicos do Centro de Saúde para abrir unha canle de colaboración entre ambos que beneficie a posibles persoas usuarias e as súas familias.

A Asociación de Parkinson Baixo Miño ofrece terapias as persoas afectadas para mellorar a súa calidade de vida e atrasar a evolución da enfermidade: logopedia, terapia ocupacional, atención psicolóxica, estimulación cognitiva, entre outras. Así mesmo ofrecen apoio aos familiares e persoas coidadoras a través de talleres.

A Guarda no 59º Campionato de Filatelia "EXFILNA 2021"

Un total de catro coleccións filatélicas guardenses participaron no 59º Campionato Nacional de Filatelia EXFILNA 2021 celebrado en Lugo do 21 ao 24 de outubro.

As coleccións guardesas foron

da Asociación InfoMaxe, cunha pequena mostra de 10 cámaras fotográficas antigas e tres coleccións filatélicas pertencentes á Sociedade Filatélica e Numismática Guardesa. En canto aos premios, en Clase Temática participou a

colección "Terra Ustralis Ignota" de Almudena Taboada Lago que obtivo 82 puntos e Medalla de Vermeil Grande e en Clase Filatelia Aberta, a colección "Ao son da gaita" de Marta Verde Rodríguez que conseguiu tamén 82 puntos.

Público adulto

CENTRO CULTURAL

Outubro Venres **22** **ROMPENTE "Algo que levar a boca"**
21:00 h. Música, poesía e moito máis...

Novembro Venres **19** **TEATRO "Illas desertas"**
21:00 h.

Decembro Venres **19** **TEATRO MUSICAL "O Candil"**
21:00 h.

Público infantil

CENTRO CULTURAL

Outubro Sábado **23** **DÍA DA BIBLIOTECA "A biblioteca que viaxaba no tempo"**
12:00 h. Para crianzas de 0 - 3 anos

Novembro Sábado **13** **MAXIA "A igualdade non ten truco"**
10:00 h.

Decembro Sábado **4** **TEATRO "Patapatum"**
18:00 h.

outono 2021

Concello da Guarda

Samain

Outubro Sábado **30** **Contos para pasalo de Mea**
12:00 h. Monicreques para crianzas de 4 - 11 anos

PRAZA DO RELÓ

Outubro Sábado **30** **FLASHMOB de Medo DATUCADA de Terror**
18:00 h.

As actividades poden precisar inscrición previa. INFORMATE

www.aguarda.es

PONTEVEDRA

A Deputación libera case un millar de imaxes do franquismo na provincia

A Deputación de Pontevedra puxo a disposición da cidadanía e as persoas investigadoras da memoria histórica unhas 971 imaxes do 'Movemento' franquista e a Falanxe na provincia de Pontevedra tomadas nos anos 1950.

A deputada de Memoria Histórica María Ortega e a técnica provincial de Memoria, Montse Fajardo, anunciaron que esas fotografías están dispoñibles en liña no buscador Atopo logo da súa catalogación e dixitalización por parte do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico

provincial. Tamén estase negociando con Concellos, Museo e Arquivo Histórico provincial, entre outras entidades, para colaborar na posta a disposición doutros fondos das mesmas características.

Explicaron que o Movemento era o conxunto de órganos e mecanismos do réxime franquista (a Falanxe como partido político único, a organización sindical vertical e os múltiples órganos de encadramento social – a Fronte de Xuventudes, Educación e Descanso, a Obra Sindical do Fogar, Auxilio Social e outros) e

estaba encabezado provincialmente polo gobernador civil, que asumía en cada territorio a súa dirección.

As imaxes que compoñen o fondo da Xefatura do Movemento na provincia que se acaba de sacar á luz abranguen un espazo temporal de 1951 a 1959 correspondendo cos mandatos de tres gobernadores civís: Elías Palao Martialay (xuño de 1951 a febreiro de 1956), Alberto Martín Gamero (entre febreiro e abril de 1956) e Rafael Fernández Martínez (de abril de 1956 a marzo de 1961).



A Deputada de Memoria Histórica María Ortega.

Sete novas accións formativas do programa “tic emprendes” para fomentar o emprendemento no medio rural

A Xunta de Goberno da Deputación vén de aprobar novas accións formativas gratuítas do proxecto Tic Emprendes, impulsado pola institución provincial e que cofinancia o Fondo Social Europeo para fomentar a empregabilidade e o emprendemento entre a mocidade daqueles concellos da provincia que máis sofren o déficit demográfico.

O programa Tic Emprendes, cun orzamento total de 700.000 euros, contempla un total de 26 accións formativas enmarcadas en 11 itinerarios que ao seu remate haberán beneficiado a

un total de 390 persoas mozas.

Tic Emprendes adaptou a oferta da súa formación a aquelas actuacións formativas máis demandadas pola mocidade, e deste xeito contéplanse catro itinerarios: Competencias dixitais en ofimática ; Márketing dixital: estratexias SEO, SEM, Redes sociais e análise de tráfico web ; Community Manager e Operario/a de xestión lóxística e dixital de almacén, cun módulo de carreteiro .

Poden participar en “Tic Emprendes” persoas mozas de 16 a 30 anos dos 31 concellos participantes. Para inscribirse teñen

que estar inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, ser desempregadas non integradas no sistema de educación ou formación e deben ser residentes en calquera dos concellos rurais antes citados.

As solicitudes poderanse presentar preferentemente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Deputación: <https://sede.depo.gal>. Para máis información, as persoas interesadas poden contactar en <https://www.depo.gal/tic-emprendes> e nos teléfonos: 886 217 320 / 986 804 100 (extensión 47 320).

Axudas da Deputación ás e ós deportistas que acudiron ós xogos de Tokio

A provincia de Pontevedra é todo un referente en deporte, tal e como avala a participación das e dos seus deportistas nos Xogos Olímpicos de Tokio. Para elas e eles a Deputación creou este ano unha liña de axudas á que se presentaron un total de 18 atletas entre as e os que a institución provincial re-

partiu 90.000 euros (o que supón unha bolsa de 5.000 euros para cada deportista).

Corresponden a Agustín Alejos e María Victoria Viñariño (baloncesto), María Bernabeu, Francisco Garrigos, Nikoloz Sherazadishvili (judo), Rodrigo Corrales (balonmán), Martín de la Puente (tenis), Támara Echégoyen, Nico

Rodríguez (vela), Rodrigo Germae, Antía Jácome, Teresa Portela (piragüismo), Gustavo Nieves (atletismo), Susana Rodríguez (triatlón e atletismo), Gustavo Rodríguez (triatlón e ciclismo), Chano Rodríguez (natación), Juan Saavedra (tiro olímpico) e Celso Comesaña, guía de Susana Rodríguez en triatlón.

Deputación promove en Zaragoza o seu modelo de mobilidade

A Deputación de Pontevedra estivo presente no VI Encontro de Cidades para a Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable celebrado en Zaragoza.

Nas xornadas, organizadas pola DGT, a FEMP e o concello de Zaragoza, a presidenta provincial Carmela Silva participou na mesa

de debate “O reto da comunicación na nova mobilidade urbana”. Explicou o proceso de transformación e o novo modelo de mobilidade, “centrado nas persoas e en converter ao espazo público nun espazo de convivencia”, que dende fai seis anos está a impulsar na provincia de Pontevedra.

A Deputación concede subvencións a escolas de música

A Deputación de Pontevedra revalida a súa aposta pola cultura coa concesión de achegas a 24 escolas de música da provincia que dependen de asociacións sen ánimo de lucro. As subvencións, que teñen un orzamento de 80.000 euros, están destinadas a entidades de 16 concellos da provincia e oscilan entre os 2.100 euros e 4.200 euros “dependendo do número de persoas que estean estudando nelas”, informou a presidenta Carmela Silva.

As subvencións chegarán á comarca do Deza con subvencións á Asociación Amigos Banda de Música de Agolada, á Nova Banda de Música de Vilatuxe e á Banda de Música de Lalín así como á Asociación Cultural Banda de Música de Silleda. Na comarca de Arousa financiaranse as Pre-escolas de Música dos concellos de Ribadumia e Vilanova. Na comarca de Pontevedra os fondos chegarán á Asociación Cultura e Xuventude de Barro e á Asociación Cultural e Musical Escola de Música de Vilaboa así como a tres entidades do concello de Pontevedra: a Mu-

sico Cultural San Martiño Salcedo, a Asociación Cultural A Tempo Escola de Música e a Agrupación Musical de Vincios. E no Morrazo subvencionarase a Asociación Xuvenil Cultural Staccato, de Cangas.

Para a comarca de Vigo a Deputación aprobou achegas para a Asociación do Centro Recreativo e Cultural de Torroso Mos, a Asociación Cultural e Social de Chapela (Redondela) e Amigos da música (Salceda de Caselas). Ademais, tamén se financiarán cinco entidades do concello de Vigo: a Sociedade Cultural e Deportiva Atlántida, a Asociación Banda Escola de Música de Beade, a Unión Musical de Coruxo, a Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares e o Ateneo musical de Bembrive. As achegas tamén chegarán á comarca do Condado con financiamento para a Banda de Música de Rubios (As Neves) e a Asociación Banda Xuvenil de Xinzo e a Asociación Cultural Banda de Música Unión de Guláns (ambas de Pontearreas). Do mesmo xeito, chegarán ao Baixo Miño cunha achega para a Asociación Agrupación musical do Rosal.

Oia continúa coa súa aposta pola arte mural cun novo traballo de Flix en Torroña



Oia continúa coa súa aposta polo embelecemento de espazos públicos a través dos coloridos traballos do artista Flix, quen vén de rematar unha nova creación en Torroña (Burgueira). Trátase dun mural con alusións aos traballos do agro e situado no recinto do antigo xogo de bolos.

Esta nova mostra de arte urbana en Oia é a segunda obra de Flix en Torroña e a sétima

que o artista realiza no municipio. A temática inspírase nalgúns dos traballos tradicionalmente desenvolvidos polas mulleres e homes do rural, con alusións a labores agrícolas (medas, hórreos) e gandeiros (ovellas).

Entre 2017 e 2020 a colaboración entre o Concello de Oia, o artista Flix, o colectivo ProxectoEwa e Pinturas Proa tense materializado na realización dun total de 6 pinturas murais en diferentes puntos da localidade:

dúas na baixada ao Mosteiro (nas bases da ponte sobre a que pasa a estrada xeral PO-552), outras dúas no colexio Mestre Manuel García, unha no campo de fútbol municipal e outra no lugar de Torroña.

Agora, en 2021, o repertorio amplíase cun novo traballo, tamén en Torroña. Este conxunto de pinturas conforma toda unha ruta para visitar o concello a través da súa colección de mostras de arte mural.

200 rapaces de Tomiño apúntanse a clases extraescolares

Tras á volta á normalidade, cerca de 200 nenos e nenas se apuntaron ás actividades presenciais ofertadas polo Concello de Tomiño de forma totalmente gratuíta e a escollar polas ANPAs.

Destacan entre estas actividades

a de Emociónate, enfocada no coñecemento e avaliación da emoción; lingua de signos; Predeporte como iniciación ao deporte para os mais cativos; Multideporte para descubrir as diferentes disciplinas deportivas a través do xogo; Xadrez; e Kung Fu.

O Rosal pon en valor a súa historia cunhas xornadas sobre patrimonio

O Concello do Rosal pon en valor a súa historia coa creación da primeira edición de Xornadas sobre Patrimonio, unha serie de actividades que nacen para dar a coñecer o patrimonio rosaleiro e do Baixo Miño.

As xornadas comezaron o venres 26 coa charla "Sobre o barro e as telleiras" de Adela Leiro Lois e o sábado 27 cunha mostra de traballo da tella coa participación dos cabaqueiros do Rosal.

As xornadas retomaranse o 19 de novembro ás 19.30 h cunha formación para coñecer ferramentas informáticas para o estudo de petroglifos no sur de Galicia cunha posterior visita aos xacementos do concello ás 21.00 h e o 26 de novembro o Concello organiza unha charla sobre arqueoloxía e astronomía ás 19.30 e unha saída para observar as estrelas ás 21.00 h. Todas as actividades serán de balde.

o remendón
CERRAJERO

SERVICIO 24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL Duplimax

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

Restaurante

O'Rianxo

algo diferente no condado

Vilasobroso
Mondariz
telf: 986 654 434

milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

MISCELANEA

CUT Citröen pide xuntanza coa ministra Yolanda Díaz

A sección sindical da CUT Citröen pediu formalmente unha xuntanza coa Ministra de Traballo e de Economía Social, Yolanda Díaz, para solicitar que se aprobe unha lexislación que regule as cargas e ritmos de traballo. Esta petición xorde despois de asistir ás primeiras xornadas sindicais do sector da automoción, celebra-

das en Zaragoza.

As cinco centrais sindicais reunidas en Zaragoza consideraron imprescindible que así como existe regulación sobre a carga máxima que pode coller unha persoa, ou a exposición a produtos tóxicos, debe existir tamén unha regulación sobre os ritmos e cargas de traballo, acusando ás empresas de non

ter en conta esta reclamación laboral.

A CUT Citröen destacou a importancia do sector da automoción para a economía e emprego estatal, representando o 10% do PIB, o 18% das exportacións totais, dous millóns de postos de traballo vinculados a este sector, sendo 300.000 deles de forma directa.

IES de Baiona contra a violencia de xénero

Profesores e alumnos do IES Primeiro de Marzo de Baiona secundaron a convocatoria que cada 21 de outubro realiza a Asociación de Hombres por la Igualdad de Género (AHIGE) de loita contra a violencia de xénero.

A actividade consistiu en alentar ao alumnado a traer un cartel cunha mensaxe a favor da igualdade de xénero, a ser exhibido durante o período do recreo. Tamén acudir á convocatoria aberta

do 25 de outubro na Aula de Igualdade do IES para retomar andaina deste espazo de coeducación e loita pola igualdade.

AHIGE conmemora que o 21 de outubro de 2006 celebrouse en Sevilla a primeira manifestación en España de homes contra a violencia de xénero. En 2013 adoptouse a "Declaración de Barcelona" que estableceu esta data como o día de visibilización das asociacións de homes pola igualdade e contra a violencia machista.

A diáspora venezolana, a debate en Vigo

O auditorio da Xunta de Galicia en Vigo acolle este 6 de novembro a mesa redonda "Galicia: as diásporas de ida e volta, a circulación do capital humano", organizado pola Federación Venezolana de Galicia (FEVEGA) e a Asociación "Amigos de Vene-

zuela en Vigo".

O evento, que debaterá a situación da diáspora venezolana en Galicia e España e as súas redes de cooperación, contará coa participación do sociólogo venezolano Tomás Páez, coordinador do Observatorio da Diáspora Venezolana; Manuel

Rodríguez, activista venezolano en Madrid e coordinador do partido político La Causa R; Antonio Rodríguez Miranda, secretario xeral de Emigración da Xunta de Galicia; e Manuel Pérez Vidal, presidente de FEVEGA e da Asociación "Amigos de Venezuela en Vigo".

Somos Ribadumia acusa ao alcalde de negarlle axuda a Protección Civil

O voceiro de Somos Ribadumia, Enrique Oubiña, visitou a sede de Protección Civil desta localidade pontevedresa, constatando o estado "moi lamentable" da instalación.

A súa vez, criticou ao alcalde David Castro de negarlle axuda a unha entidade que "non teña nin os servizos máis básicos, estea sen auga e ninguén revise a instalación eléctrica, que ten un cortocircuíto que dende fai meses está facendo saltar os diferenciais, algo moi perigoso". Dende 2012, Oubiña leva propoñendo subir a axuda anual a Protección Civil, topando sempre coa negativa primeiro da ex alcaldesa Salomé Peña e despois de David Castro.

Somos Ribadumia tamén de-



nuncia as constantes "mentiras" nos plenos municipais por parte do alcalde Castro sobre o tema da auga nas que primeiro argumentou non ter coñecemento sobre o mesmo e logo que "xa estaba arranzado", cada vez que foi interpelado sobre esta tema.

ABANCA e Fecimo apoian ao comercio do Morrazo

ABANCA e a Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (Fecimo) renovaron en Cangas o seu acordo de colaboración para axudar aos empresarios e comerciantes desa comarca a causa da pandemia.

O convenio foi asinado coa presidenta da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo

e presidenta da Asociación de Comerciantes e Industriais de Bueu, Ana María Ave; a presidenta da Asociación de Comerciantes e Industriais de Cangas, María del Carmen Fervenza; o presidente da Asociación de Comerciantes e Industriais de Moaña, Óscar Casas; e o presidente da Asociación de Empresarios do Parque Industrial de Castiñeiras-Bueu, Pablo Pazos.

Mediante este acordo, ABANCA pon a disposición dos asociados de FECIMO un plan de financiamento que responde de forma integral ás necesidades dos asociados, como axudas a investimentos, préstamos persoais e hipotecarios ou leasing mobiliario, con amplos prazos de amortización, posibilidade de carencias e xuros moi competitivos.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B · 36860 PONTEAREAS · T. 986 66 00 00 · F. 986 66 01 03

Magosto 2021 en Vigo e Val Miñor. Unha tradición sempre viva

As castañas, o Samaín e San Martiño recuperan a tradición

Por Roberto Mansilla Blanco

Durante o mes de outubro, as asociacións veciñais de Vigo e do Val Miñor organizaron diversas actividades en torno ao Magosto 2021, algunhas delas tamén celebradas para este mes de novembro. Destacan especialmente as tradicionais castañas, a festividade céltica do Samaín e por suposto o San Martiño (13 de novembro), mantendo inalterable unha tradición que volve con entusiasmo nestes tempos de "nova normalidade" post-pandemia.

Neste sentido, o Concello de Vigo anunciou que organizará as actividades pertinentes a este Magosto 2021 así como do Samaín en todas as parroquias que conforman o municipio. Isto demostra o recoñecemento por parte do goberno municipal ao tradicional acervo de cultura asociativa e

veciñal viguesa.

Así, parroquias como Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valadares Zamáns e outras consideradas como históricas (Bouzas, Coia, Freixeiro, San Paio e San Xoán do Monte) veñen celebrando o seu Magosto 2021 grazas ó labor das súas asociacións e o apoio do Concello vigués.

Por outra banda, os propios veciños e comerciantes tamén se organizaron para a celebración desta festa. A recén creada Asociación de Hostalería e Comercio Casco Vello, fundada en xaneiro pasado con mais de 60 entidades membro, impulsa desde mediados de outubro a campaña "¡Toma Castaña!" cuxa primeira edición conta coa intención de "reforzar e ampliar a festa do Magosto no

Casco Vello de Vigo".

Cata de viños, ShowCooking no Mercado do Berbés, charla no Instituto Camões sobre o Magosto en Galicia e Portugal, exaltación dos produtos típicos do Magosto (chourizo, castañas) por parte da hostalería do Casco Vello, Magosto Popular do Berbés en Vigo (28 de outubro), Samaín, calacús e cabazas, a Santa Compañía con actuación infantil e musical da Banda de Gaitas (31 de outubro) son algunhas das actividades que precedan ao día grande, o 13 de novembro, coa Gran Castañada en honor a San Martiño.

Seguindo co tecido asociativo, entidades como a Asociación de Veciños de Teis, a Asociación Sociocultural As da Industria de Vigo, a Asociación de Veciños de Bouzas e a Asociación Veciñas Novo Vigo (Navia), entre outras, tamén organizaron entre o 24 e o 28 de



O grupo Fulano, Zutano e Metano durante a súa actuación na parroquia do Calvario.

outubro os seus respectivos Magostos contando co apoio do Concello vigués, con castañadas, Festa do Samaín e música tradicional.

O Val Miñor

No caso do Val Miñor, destacan Nigrán e Gondomar. O Centro Cultural A Camoesa localizado en Camos (Nigrán) celebrará o 6 de novembro o seu Magosto no seu patio exterior e atendendo ás medidas COVID. Será unha celebración con castañada na que se degustará

o tradicional viño e contará coa actuación de grupos musicais.

Pola súa banda, a Asociación de Veciños Galiñeiro Vincios (Gondomar) onde tamén deparde a Comunidade de Montes de Vincios celebrou o pasado 9 de outubro no Centro Cultural de Vincios o seu tradicional Magosto, con sendeirismo pola Serra do Galiñeiro, castañadas contando coa presenza doutras asociacións locais, gaitas e grupo de música folk.



LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291

Iníciase as obras que transformarán o Barrio do Ferrocarril de Arbo



A Deputación de Pontevedra vén de iniciar as obras de mellora da mobilidade peonil na intersección das EP-5202 e EP-5203, no barrio do ferrocarril de Arbo, unha actuación que transformará este singular espazo dando resposta a unha demanda histórica da veciñanza e que foi adxudicada por un orzamento de 484.906€. As obras están financiadas na súa totalidade pola Deputación a través dun convenio co Concello de Arbo, que aportará o 30% do orzamento con achegas do Plan Concellos, e convértese no maior investimento do ente provincial neste municipio ata o momento. Trátase dun novo proxecto para dar prioridade ás persoas e

favorecer a accesibilidade en toda a zona, no marco do modelo de mobilidade amable e sostible da institución provincial para a revalorización do espazo público como un dereito da cidadanía.

As actuacións comprenderán un tramo de case medio quilómetro situado entre a contorna da Capela de San Antonio e a estación de tren. Instalaranse pasos elevados e habilitarase a zona de convivencia ao longo de 310 metros, amais dunha senda cun ancho mínimo de 2,5 metros e unha plataforma única na zona de coexistencia de tráfico rodado e peonil. Mellorarase tamén as redes de abastecemento, saneamento e alumeadado.

Rematadas as obras nas Searas

O Concello de Arbo, acaba mellorar e pavimentación o camiño agrícola das Searas en Arbo. A actuación denominada "Mellora de pavimentación do camino Agrícola das Searas", tivo un orzamento de 36.008 € e contou con financiamento da Axencia

Galega de Desenvolvemento Rural. As obras deste proxecto consistiron na pavimentación dun camiño agrícola existente, e resolveron o mal estado do firme, co estendido dunha capa de reforzo de firme a base de aglomerado en frío.

Arbo mellora os seus miradores

As pérgolas de madeira dos miradores sobre o río Miño serán melloradas polo concello cunha subvención de

case 30.000€ da Axencia de Turismo de Galicia. Os visitantes poderán gozar deste entorno sombreado sen correr riscos.

Rexistro Único de Demandantes de Vivenda Protexida en Covelo

Coa intención de mellorar a oferta de vivenda, o concello de Covelo comezou a xestionar coa Xunta de Galicia a posible construción de Vivenda de Protección Oficial de Promoción Pública.

Para poder acceder aos devanditos programas é un requisito indispensable que exista o maior número de persoas interesadas e rexistradas no REXISTRO ÚNICO

DE DEMANDANTES DE VIVENDA PROTEXIDA.

Solicítase a todas aquelas persoas empadroadas en Covelo e que teñan interese en acceder á Vivenda de Protección Oficial que se anoten no devandito REXISTRO a través do Concello de Covelo nos departamentos de Servizos Sociais, Axente de Desenvolvemento Local, Concellería de Cultura ou Alcaldía.



Emilio Rodríguez, 5 baixo - Amado Garra, 5 baixo
986 661 807 Ponteareas 986 669 944



RADIO HERTZ

Electrodomésticos - Material Eléctrico

Videojuegos

Venta y Reparación de Máquinas de Coser

Instalación de Antenas

Morales Hidalgo nº 7 - 36860 Ponteareas
Telf 986640108 - WhatsAap 613109680
radiohertz1@gmail.com

SAUDADE

Café - Bar

LAVAZZA Mahou

Reveriano Soutullo, 3 - 36860 PONTEAREAS

INMOBILIARIA MERCAVENDA
Casas Locales Fincas Pisos
Ventas Alquileres Tasaciones Presupuestos
Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com



GALICIA NA SEÑORA
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO

Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506